

Exposición

CANCIÓN DE PEDRO COSTA



Canción de Ventura, 2014

Fundación Luis Seoane

04.11.2023 – 06.02.2024

Comisario: Javier Codesal

Unha coprodución da Fundación Luis Seoane da Coruña e La Virreina Centre de la Imatge, Barcelona

Pedro Costa (Lisboa, 1959) é un dos cineastas máis apreciados polos novos públicos de cine e pola crítica internacional, sobre todo desde a realización de *En el cuarto de Vanda* (2000). A súa última longametraxe *Vitalina Varela* (2019), recibiu o Leopardo de Ouro ao mellor filme no Festival de Locarno.

A súa posición máis característica afiánzase sobre os temas que formula tanto como nos xeitos de producir as imaxes, incluíndo nisto último os aspectos técnicos e estéticos e facendo fincapé na dimensión do traballo (economía, estrutura da produción, tempos de rodaxe e edición, xeitos de relación, etcétecer).

Costa afastouse da industria do cine a partir da película *En el cuarto de Vanda*, e mantivo desde entón unha liberdade e independencia exemplares, e isto sen renunciar a vincular o seu traballo cos eixos principais da historia do cine.

A coherencia da súa obra permite comprendela como un todo en movemento, organizado por algunhas liñas que converxen ou se cruzan de varias maneiras. Os personaxes das súas películas (habería que falar sobre todo de persoas) foron sempre seres desorientados, desprazados, lumpen, drogadictos, inmigrantes negros caboverdianos... cos que este cine se identifica e compromete dun xeito peculiar. Esta elección de parte súmase a unha opción estética cada vez máis sobria e depurada, que desenvolve procedementos visuais e sonoros para favorecer a atención posta sobre os corpos, os obxectos e as palabras.

A preferencia actual de Costa polos personaxes caboverdianos supón un rexeitamento da posición metropolitana dentro da estrutura colonial que define o pasado inmediato de Portugal, ademais de constatar a negativa de Costa a esquecer o devandito pasado e as súas consecuencias. En tal sentido, cobra importancia non só a presenza exclusiva de actores negros en *Vitalina Varela*, senón a progresiva asunción do crioulo caboverdiano nos filmes, en detrimento da lingua materna portuguesa. Este aspecto pode apreciarse moi ben na exposición *Canción de Pedro Costa*.

Aínda que a súa actividade se centra no cine, Costa expuxo pezas relacionadas coas súas películas en numerosas ocasións, a miúdo acompañado por outros creadores como o escultor Rui Chafes, o fotógrafo Paulo Nozolino ou a cineasta Chantal Akerman. Expuxo, entre outros lugares, na Fundación Serralves de Oporto (2005 e 2018), no Museo Hara de Tokio (2012) e, recentemente, no Centro Pompidou de París (2022) e en La Virreina Centre de la Imatge de Barcelona (2022).

Canción de Pedro Costa aborda a obra do cineasta desde unha perspectiva concreta que caracteriza o seu devir e ensaia o que podería ser un dos seus futuros inmediatos. A exposición xira ao redor do rostro, a voz e a canción como sinais do máis particular de cada persoa, pero tamén resposta á presión conxugada da Historia coa historia de cada quen, resposta ao trauma e ao que falta.

A exposición artículase a partir de nove obras, con títulos alusivos á idea de canto: *Casa de lava – cuaderno* (libro de artista, 1994) complementado con *Cancionero de Fogo* (vídeo documental para visualizar o contido do caderno), *Canción de Ventura* (proxección, 2014), *Canción del volcán* (proxección, 1951- 2013), *Nuestras voces no cantarán más* (conxunto de tres obras independentes, 2022), *Canto de piedra* (cinco fotografías sobre papel, 2015), *Morna de sombras* (instalación con cinco proxeccións sobre pantallas suspendidas do teito e banda sonora, 1994-2022) e *Cantoras y cantores* (panel con 65 fotografías de rodaxe das películas de Pedro Costa, varios autores, 1990-2014).

Canción de Pedro Costa, coprodución entre La Virreina Centre de la Imatge e a Fundación Luis Seoane, contén variacións na súa presentación da Coruña respecto á anterior de Barcelona. Non se inclúen as dúas pezas que integran *Canciones para evitar el suicidio* nin a titulada *Balar de Balibar*. Pero engádense dúas obras: *Canción del volcán* e *Cantoras y cantores*. É resulta de especial interese a posta en sala de *Nuestras voces no cantarán más*, título que reúne tres obras independentes producidas ex profeso para este proxecto, e que agora se verán nunha mesma sala cos seus vídeos sincronizados, creando una experiencia diferente á do seu paso por La Virreina. Ademais, incorpórase á mostra o ensaio *Canción de Pedro Costa*, escrito polo comisario da mesma, Javier Codesal. Por último,

coincidindo co inicio da mostra, a Filmoteca de Galicia CGAI programará un ciclo sobre Pedro Costa que se inaugurará coa proxección de *Vitalina Varela* (2019), e que contará coa presenza do director portugués.

Para máis información, solicitude de imaxes e entrevistas:

Emma Fernández Castro

Email: emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal